

## ORDE

“ORDE do 3 de xullo de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións para o fomento do emprego en cooperativas e sociedades laborais e a promoción de cooperativismo, e se convocan para o ano 2015.”

### Finalidade

Fomentar a incorporación de persoas desempregadas e persoas traballadoras temporais a cooperativas laborais e apoiar o desenvolvemento de proxectos de emprendemento.

### Beneficiarios

As Cooperativas e Sociedades Laborais inscritas nos rexistros correspondentes. (Excluídas as empresas dos sectores da pesca e a acuicultura; empresas dedicadas á produción primaria dos produtos agrícolas; e empresas dedicadas a actividades relacionadas coa exportación a terceiros países).

### Obrigas e requisitos dos beneficiarios

- Estar ao día nas súas obrigas tributarias a Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública.
- Realizar a actividade que fundamente a concesión da subvención durante un tempo mínimo de 3 anos.
- Comunicarlle ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da axuda, así como dos compromisos e obrigas asumidos polo beneficiario.
- Facer unha correcta difusión para dar publicidade ao financiamento público das actuacións.
- Axuda acollida a Réxime de Miminis

## I) PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO EN COOPERATIVAS E SOCIEDADES LABORAIS

### Finalidade

Dirixido a fomentar a incorporación de persoas desempregadas e de traballadores e traballadoras con carácter temporal como socios e socias traballadoras ou de traballo de cooperativas ou sociedades laborais, con carácter indefinido.

### Beneficiarios

- a) Desempregados inscritos como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego



- b) Persoas vinculadas á entidade por un contrato de traballo temporal non superior a 24 meses, cunha vixencia mínima de 6 meses á data da súa incorporación

### Contía das axudas

A contía da subvención será de 5.500 € por cada persoa que se incorpore a xornada completa, ata unha contía máxima de 50.000 €.

- Muller: a contía increméntase ata 7.000 €
- Persoas en situación de exclusión social: a contía increméntase ata 8.000 €
- Persoas con discapacidade  $\geq 33\%$ : a contía increméntase ata 10.000 €
- Cooperativas xuvenís: a contía increméntase nun 25%

### Criterios de avaliación

- Desempregados inscritos como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego
- Persoas vinculadas á entidade por un contrato de traballo temporal non superior a 24 meses, cunha vixencia mínima de 6 meses á data da súa incorporación

## II) PROGRAMA DE FOMENTO DO ACCESO Á CONDICIÓ DE PERSOA SOCIA

### Finalidade

Dirixido ao fomento do acceso á condición de socios e socias traballadoras ou de traballo, de cooperativas ou de sociedades laborais, así como ao fomento do acceso de persoas emprendedoras por conta propia á condición de socias de cooperativas. Este acceso facilítase mediante o financiamento das achegas económicas ao capital social que debe desembolsarse para a incorporación como socio ou socia.

### Beneficiarios

- a) Desempregados inscritos como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego
- b) Persoas socias a proba de cooperativas e persoas asalariadas de cooperativas ou sociedades laborais
- c) Persoas que figuren de alta no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes de mellora de emprego
- d) Persoas que se incorporen como socias traballadoras ou de traballo, en virtude da transformación da empresa na cal presten servizos en cooperativa ou sociedade laboral
- e) Desempregados inscritos como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego que emprendan unha actividade por conta propia e se incorporen nunha cooperativa como persoas socias, con compromiso de exclusividade, para comercializar os seus produtos, obter subministracións, servizos e a asistencia técnica que precisen



## Contía das axudas

Para os beneficiarios recollidos nos apartados a), b), c) e d) a contía da subvención poderá ascender ata 4.500 € para a incorporación a unha cooperativa e ata 3.000 € para a incorporación a unha sociedade laboral.

Para os beneficiarios recollidos nos apartados e) a contía da subvención poderá ascender ata 3.000 €.

- A contía máxima non poderá ser superior aos importes desembolsados en concepto de achega ao capital social e cota de ingreso ou de accións ou participacións sociais
- Cooperativas xuvenís: a contía incrementase nun 25%

## III) PROGRAMA DE IMPULSO DE PROXECTOS EMPRESARIAIS COOPERATIVAS E ASISTENCIA TÉCNICA:

### Finalidade

Dirixido a fomentar o cooperativismo e a economía social, concedendo subvencións que faciliten a posta en marcha dos proxectos empresariais, tanto de nova creación como xerados polas cooperativas e sociedades laborais e existentes.

Proxectos empresariais subvencionables:

- Constitución de cooperativas ou sociedades laborais
- Transformación doutras fórmulas empresariais en cooperativas ou sociedades laborais
- Lanzamento de novas áreas funcionais ou territoriais de actividade das cooperativas ou sociedades laborais existentes

### Beneficiarios

- Cooperativas e sociedades laborais que realicen proxectos empresariais subvencionables
- Persoas físicas e empresas privadas que presten os servizos de asesoramento e acompañamento de proxectos recollidos na orde

## Contía das axudas

- Subvención para **gastos de constitución**, ata o 75% dos seguintes gastos:
  - Ocasionados no proceso de constitución, cun máximo de 1.500 € para gastos de notaría e inscrición en rexistros oficiais e 500 € adicionais para a realización doutros trámites.
  - Para a elaboración de estudos de viabilidade ou outros informes, ata un máximo de 1.000/3.000 € (<10 persoas socias/>10 persoas socias)
  - Para a elaboración de estatutos sociais e regulamentos internos ata un máximo de 2.000 €



- Subvención para a **formación empresarial** (cursos de dirección e xestión empresarial), ata o 75% dos gastos, cun límite de 20 € por alumno e hora, ata un máximo de 1.000 €/alumno e 5.000 €/beneficiario.
- Subvención para o **asesoramento e acompañamento de proxectos**; 30 €/hora cun mínimo de 3 persoas asesoradas por proxecto, respectando os seguintes máximos:
  - 3 a 5 persoas promotoras: ata 250 horas
  - 6 a 10 persoas promotoras: ata 300 horas
  - Mais de 10 persoas promotoras: ata 350 horas

## IV) PROGRAMA DE PROMOCIÓN DAS COOPERATIVAS

### Finalidade

Dirixido a apoiar o desenvolvemento de proxectos de creación de cooperativas xuvenís mediante subvencións para financiar os custos derivados do lanzamento da actividade:

- Arrendamento e mantemento de locais, instalacións, maquinaria e elementos de transporte
- Materias primas, embalaxes, envases e outros aprovisionamentos necesarios para a produción, agás os que sexan obxecto de simple comercialización
- Elaboración de material publicitario funxible e anuncios publicitarios nos medios de comunicación
- Seguros, gastos financeiros e bancarios
- Enerxía, comunicacións e transportes
- Material de oficina
- Consumibles para equipamentos informáticos e maquinaria
- Mantemento de equipamentos e sistemas para as tecnoloxías da información e as comunicacións, de páxinas web e de sistemas telemáticos de xestión e para o comercio electrónico
- Roupa de traballo e material funxible para a prevención de riscos laborais

### Beneficiarios

- a) Cooperativas xuvenís de nova creación (que non superen os dous anos de actividade desde a data de alta) formadas maioritariamente por persoas socias traballadoras ou de traballo que teñan entre 16 e 29 anos de idade.

### Contía das axudas

Financiarase o un importe máximo do 75% do custo, tendo un límite de 15.00 € por cooperativa beneficiaria.

O PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES REMATA O 17/08/2015

